




Ola, son **Ángeles Cid Blanco**
e o 14/02/2014 estarei en **Rialeda**
coa charla titulada



“Os microbios e ti!”

nesta sinxela guía podes consultar algúns libros
que a biblioteca seleccionou para ti relacionados
con diversos aspectos da **CIENCIA!!!**



“Expedición microscopio: tras la pista de las cosas diminutas”, de Gerald Bosch

Ás veces non hai que viaxar lonxe para coñecer cousas
extraordinarias. A través do microscopio abríraseche un
mundo asombroso, un universo inacabable de sorpresas
fascinantes.





“La máquina humana: manual de instrucciones”, de Richard Walker

Somos máquinas biolóxicas que compartimos o
planeta con moitas outras formas de vida. Estamos
dotados-as dunha intelixencia superior que nos
permite falar, crear, lembrar, pensar. Coñécea mellor
con este libro.

“Este cuerpo es humano: anatomía escrita y dibujada”, de Grassa Toro e J. L. Cano

Curioso e fascinante libro pola orixinalidade do texto e o estilo das
ilustracións. O corpo humano, os seus órganos e aparellos
tratados con sinxeleza que ademáis de aportar datos, ofrécenos
en cada capítulo un algo máis, unha descrición diferente á habitual
nos libros de coñecementos.






“Monstruos supersanos: hábitos saludables para toda la vida?”, de Valentín Fuster

Os bos hábitos na alimentación, hixiene e actividade física son fundamentais para gozar dunha vida longa e saudable. Elmo, Coco, Epi, Blas e os amigos de Barrio Sésamo van ofrecernos consellos moi sans de xeito divertido. Lembra: **MSCS*!!!**

**Mens sana in corpore sano = Mente sa en corpo san*

“Érase una vez... el cuerpo humano” (DVD)

Son 26 DVD dos que seleccionamos estes tres títulos. Teñen os seus anos pero seguen a proporcionar a información relacionada co noso corpo dunha maneira moi amena e entretida.



“Plantas de los pies”, de Genichiro Yagyu

É falando das partes do corpo... non podía faltar un libro de Yagyu. Este libro dirixido aos-ás máis cativos-as ten sinxelas descrições e graciosas ilustracións. Igualmente recomendábles, “Dientes”, “Agujeros de la nariz”, “Tetas” e “Ombigo”.

“Biología de los microorganismos: Brock”

Recomendamos este manual, xa clásico, de microbioloxía, aos-ás estudantes e estudosos-as desta ciencia. Bioloxía molecular/xenética, evolución e diversidade microbiana, ecoloxía microbiana, etc... Se queres saber todo dos microbios, este é o libro.

